

► Os **novos usos** implantados no espazo rural son: (páx. 181)

- Usos residenciais...
- Usos industriais...
- Usos terciarios...
- Usos paisaxísticos-culturais...



► As **consecuencias** da implantación deses novos usos poden ser:

Positivas:

- Distribución máis equilibrada no espazo da poboación e da actividade económica.
- Favorece un maior equilibrio territorial e a recuperación de economías rurais.

Negativas:

- Perda de identidade do espazo agrario.
- Degradación ambiental.
- Competencia entre actividades por certos elementos como a auga ou o solo.
- Conflitos sociais ante a chegada de poboación con valores e intereses económicos distintos aos do espazo agrario tradicional.
- Acentuación dos contrastes territoriais ao agudizarse a crise dos espazos que non logran revitalizar a súa economía.

Red
Apoyo
Rural

ASOCIACIÓN
www.
PROYECTO VIVIR EN EL CAMPO
.com



2.- A heteroxeneidade do espazo rural

Os problemas e os novos usos do espazo rural non afectaron por igual a todo o territorio. Coexisten situacións de tradición e modernidade.

► **Algúns espazos rurais manteñen o predominio de actividades tradicionais**, xeradoras de baixas rendas e despoboamento. Son os chamados “*espazos rurais profundos*”, que quedaron á marxe da modernización, como moitas zonas de montaña; e os “*espazos agrarios fráxiles*”, especializados en producións extensivas pouco competitivas, como algunhas zonas da Meseta e da penechira estremeña.



► **Outros espazos rurais diversificaron as súas actividades e presentan empregos nos tres sectores económicos**, que incrementan as rendas e frean ou reinverten o despoboamento. Son “*espazos agrarios dinámicos*”, que adoptaron o modelo produtivista, como os regadíos intensivos e algunhas campiñas de secaño especializadas en vide e oliveira de calidade. Tamén se inclúen neste grupo os “*espazos rurais emerxentes*”, que adoptaron o modelo posprodutivistas e de calidade ou introduciron novas funcións no espazo rural, como algunhas zonas de montaña que asumiron funcións turísticas e de conservación do patrimonio natural e cultural.



► Certos espazos rurais adquiriron un predomnio das actividades urbanas ou de turismo de masas, permitindo rendas máis elevadas e unha poboación crecente e cunha maior densidade. Son os *espazos periurbanos* das grandes cidades ou das *franxas costeiras*. Neles, as actividades agrarias son reducidas e intensivas, como os cultivos de horta nas veigas dos ríos e gandería estabulada.

Praia dos Bateis, Conil da Fronteira, Cádiz



Área periurbana de Madrid